

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 9/a. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
pp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Belén Pontón Mondelo e Ana Luisa Bouza Santiago, deputadas do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás razóns polas que non está operativo o heliporto do Hospital do Barbanza.


Entre as melloras realizadas na pasada lexislatura no Hospital da Barbanza, está a licitación e construción dun heliporto. Estas obras foron adxudicadas no pasado mes de febreiro, por un importe de 176.896 € (máis IVA).

Como pode comprobarse visitando as instalacións hospitalarias, o heliporto está rematado, mais continúa sen estar operativo. Segundo declaracións da anterior xerente, esta infraestrutura podería estar en funcionamento desde o mes de Xullo.

Desde o BNG consideramos necesario que a Xunta de Galiza explique a demora na posta en marcha deste servizo. O heliporto é unha instalación básica para mellorar a resposta do sistema sanitario ante casos nos que fora preciso un traslado urxente. Non resulta explicábel que non exista axilidade á hora de poñer en funcionamento infraestruturas que supoñen unha mellora na atención, máxime cando falamos de servizos de urxencias.

Polo dito fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

1.ª) Que motivos xustifican que o heliporto construído no Hospital do Barbanza non se poda utilizar na actualidade?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.ª) Cando ten previsto a Xunta de Galiza que este heliporto se poña en funcionamento?

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2009.

Asdo.: Ana Belén Pontón Mondelo

Ana Luisa Bouza Santiago

Deputadas do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Ana Belén Pontón Mondelo na data 13/11/2009

11:13:49

Ana Luísa Bouza Santiago na data 13/11/2009

11:13:53